



2ª MOSTRA DE CINEMA PERIFÉRICO

2 ao 5 de XUÑO, 2011
A CORUÑA

Beatriz Cebas - Xefa de Prensa
www.s8cinema.com
prensa@s8cinema.com

Presentación de los ciclos del (S8)

- **Falarase das seccións “Outros formatos do cinema en Galicia”, “Cine Performativo” e “Super 8 Contemporáneo”**
- **Presentarase a vídeo-instalación “Pegadas”, as xornadas “Observatorio” e “Kodak” e o “Espazo Casa Encendida”**
- **Do 2 ao 4 de xuño no Antigo Cárcere Provincial e o MACUF**

A Coruña.- Do 2 ao 5 de xuño o Antigo Cárcere Provincial da Coruña albergará xunto co CGAI e o MACUF a programación da segunda edición do (S8) Mostra de Cinema Periférico. Para detallar as seccións e as actividades desta edición creáronse unha serie de presentacións ás que a prensa está invitada.

A primeira delas terá lugar o xoves 2 de xuño ás 12:00h no Corredor (8) do Antigo Cárcere. Trátase da presentación da vídeo-instalación “Pegadas” do fotógrafo Vari Caramés. O propio Caramés estará presente para introducir este traballo que reflicte o tempo detido e o espazo ausente do propio cárcere retratado polas cámaras analóxicas de Camarés.

Ese mesmo día ás 13h presentarase “Outros formatos do cinema en Galicia”. O ciclo ofrece unha retrospectiva do cine periférico e de vangarda da Galicia actual. Dentro desta sección atópase “Cine recuperado. Accións e delirios en 8mm. Galicia 1975-1985”, coordinado por Anxela Caramés e Xurxo Taxes quen presentarán o ciclo xunto ao cineasta Ignacio Pardo; e “Hoxe” presentado por José Manuel Sande e Lara Baceiros.

O venres 3 de xuño tócalle a quenda ao Observatorio, o encontro de profesionais da arte e a cultura. Será ás 11h no MACUF. A presentación corre a cargo de Carmen Fernández Rivera, Directora Xerente do Museo de Arte Contemporánea Gas Natural Fenosa; e María Mallol, coordinadora do Observatorio.

Ese mesmo día ás 12:30h presentarase “Cine performativo”, unha sección que nos trae o cine en vivo da man dos creadores Zoe Beloff e Guy Sherwin, quen presentarán o propio ciclo xunto a Lynn Loo. Será no Antigo Cárcere.

O sábado 4 de xuño ás 12h terá lugar a xornada de presentación de produtos Kodak Por que rodar en película?. Terá lugar na Sala (S) do Antigo Cárcere e será presentado polo director de fotografía Jesús Haro.

Para acabar, o sábado ás 13h presentarase a sección “Super 8 Contemporáneo” que baixo o título “Imaxes rodadas, películas roubadas e son panayonqui” fará un percorrido ao mundo do videoclip e que terminará co broche final da actuación do Dúo Cobra. A presentación do ciclo corre a cargo de Natalia Piñuel e Enrique Piñuel de PlayTime Audiovisuais. Ademais, Beatriz Navas presentará o Espazo A Casa Acendida onde se proxectará En Pezas 2011, unha selección de curtos de realizadores emerxentes; e Festival Play, un escaparate de concertos audiovisuais e cine en directo.

Beatriz Cebas - Xefa de Prensa

(S8) Mostra de Cinema Periférico - www.s8cinema.com - prensa@s8cinema.com